

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 10 DE DECEMBRO DE 2018

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:10 horas do día 10 de decembro de 2018, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 5 de decembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. María José Caride Estévez

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel
D^a. Olga Gómez Corbal
D. José Riesgo Boluda (asiste a todos os puntos agás o 10)
D. Aurelio Adán Fernández (asiste ao punto 1)
D^a. María Pilar Alonso Cacheiro, como vogal suplente de D. Antonio Villanueva Guimeráns (asiste aos puntos 8a, 4c e 9a)
D. José Ángel Otero Lamas, como vogal suplente de D. Jerónimo Centrón Castaños (asiste aos puntos 2b e 4b)
D^a. Luz González Domínguez (asiste ao punto 10)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas

a) Acta do 3 de decembro de 2018

Apróbase a acta do 3 de decembro de 2018 cos votos de D^a. María Isabel Fernández Gabriel, D^a. Olga Gómez Corbal, D. José Riesgo Boluda (asiste a todos os puntos agás o 8) e D. Aurelio Adán Fernández (asiste aos puntos 8 e 4).

2.- Apertura administrativa

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de "cubrición da pista deportiva do centro cultural Becerreira" (20.174-240)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal". Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 09:39	Páxina 1 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AD4D-CCDFB8-EE3181-6PJE4C-MRUNX7-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

1. INNOVA PROFESIONAL DESARROLLOS, S.L.
2. SODEIN SOLUCIONES INTEGRALES, S.L.
3. SITEXCA 2016, S.L.U.
4. XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.
5. CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.
6. PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.
7. INGENIERIA Y CONSTRUCCIONES PIÑEIRO, S.L.
8. ORECO, S.A.
9. UTE EMERGIS CONSTRUCCION, S.L. con PROYECTOS Y CONTRATAS COVELO, S.L. (porcentaxe de participación na UTE ao 50%)
10. CONSTRUCCIONES ALEA, S.L.
11. CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA, S.L.
12. OBRAS Y SERVICIOS GOMEZ CRESPO, S.L.
13. SERGONSA SERVICIOS, S.L.

b) Outorgar un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que presenten o anexo VII "grupo de empresas" do PCAP para os efectos do previsto no artigo 86 do RXLCAP:

1. INNOVA PROFESIONAL DESARROLLOS, S.L.
2. SODEIN SOLUCIONES INTEGRALES, S.L.
3. SITEXCA 2016, S.L.U.
4. INGENIERIA Y CONSTRUCCIONES PIÑEIRO, S.L.
5. UTE EMERGIS CONSTRUCCION, S.L. con PROYECTOS Y CONTRATAS COVELO, S.L. (porcentaxe de participación na UTE ao 50%)
6. CONSTRUCCIONES ALEA, S.L.
7. CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA, S.L.
8. OBRAS Y SERVICIOS GOMEZ CRESPO, S.L.
9. SERGONSA SERVICIOS, S.L.

b) Procedemento aberto para a contratación por das obras do proxecto construtivo de beirarrúas na rúa Mantelas (119-441)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal". Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.
2. XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.
3. COVSA
4. COPCISA, S.A.
5. ORECO, S.A.
6. BCNOR GESTION Y SOLUCIONES AVANZADAS, S.L.
7. OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 09:39	Páxina 2 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AD4D-CCDFB8-EE3181-6PJE4C-MRUNX7-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO

8. OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, S.L.
9. ELSAMEX, SAU
10. CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.
11. UTE EMERGIS CONSTRUCCION, S.L. con CONSTRUCCIONES ALEA, S.L.
(porcentaxe de participación na UTE ao 50%)
12. NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.
13. EXPLOTACIONES MEDIOAMBIENTALES, S.L.U.
14. FEVISA VIAS Y OBRAS, S.L.
15. MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.
16. OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.
17. NAROM, S.L.

b) Outorgar un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que presenten o anexo VII “grupo de empresas” do PCAP para os efectos do previsto no artigo 86 do RXLCAP:

1. BCNOR GESTION Y SOLUCIONES AVANZADAS, S.L.
2. OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, S.L.
3. UTE EMERGIS CONSTRUCCION, S.L. con CONSTRUCCIONES ALEA, S.L.
4. EXPLOTACIONES MEDIOAMBIENTALES, S.L.U.
5. FEVISA VIAS Y OBRAS, S.L.
6. MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.
7. OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.

8.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adjudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de actualización do portafirmas dixital corporativo do Concello de Vigo (8.622-113)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado e admitido e ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica o 3 de decembro de 2018 de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*” que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa. Acto seguido publícase o referido informe no perfil de contratante.

b) Procedemento aberto simplificado para a contratación mixta do subministro de valado de madeira (11.344-446) (informe valoración proposición avaliable a través de fórmula)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns o 5 de decembro de 2018 de valoración do sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa. Á vista do anterior informe, a Mesa acorda, por unanimidade excluír a SEÑALIZACIÓN Y EQUIPAMIENTOS PARA ENTORNOS NATURALES, S.L. por exceder a súa oferta do prezo unitario previsto no PPT (cláusula 14.2B do PCAP).

4.- Apertura económica



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 09:39	Páxina 3 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AD4D-CCDFB8-EE3181-6PJE4C-MRUNX7-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de "cubrición da pista deportiva do centro cultural Becerreira" (20.174-240)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo	Incremento prazo garantía
1	INNOVA PROFESIONAL DESARROLLOS, S.L.	332.010,32	24 meses
2	SODEIN SOLUCIONES INTEGRALES, S.L.	330.572,00	24 meses
3	SITEXCA 2016, S.L.U.	334.807,00	24 meses
4	XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	345.929,37	24 meses
5	CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.	424.876,85	24 meses
6	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	387.584,85	24 meses
7	INGENIERIA Y CONSTRUCCIONES PIÑEIRO, S.L.	330.572,00	24 meses
8	ORECO, S.A.	394.512,43	24 meses
9	UTE EMERGIS CONSTRUCCION, S.L. con PROYECTOS Y CONTRATAS COVELO, S.L.	408.495,34	24 meses
10	CONSTRUCCIONES ALEA, S.L.	322.492,55	24 meses
11	CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA, S.L.	378.318,07	24 meses
12	OBRAS Y SERVICIOS GOMEZ CRESPO, S.L.	396.396,00	24 meses
13	SERGONSA SERVICIOS, S.L.	362.436,14	24 meses

Asiste á apertura D. J.C.A. en representación da Federación Galega da Construción. A acta de asistencia asinada figura no correspondente expediente.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor unha vez recibida a información sobre os posibles grupos de empresas.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto construtivo de beirarrúas na rúa Mantelas (119-441)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo	Incremento prazo garantía
1	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	461.081,34	24 meses
2	XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	381.184,28	24 meses
3	COVSA	468.088,02	24 meses
4	COPCISA, S.A.	419.511,86	24 meses



	Licitador	Redución do prezo	Incremento prazo garantía
5	ORECO, S.A.	478.964,06	24 meses
6	BCNOR GESTION Y SOLUCIONES AVANZADAS, S.L.	374.247,18	24 meses
7	OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.	370.726,55	24 meses
8	OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, S.L.	433.543,00	24 meses
9	ELSAMEX, SAU	402.930,00	24 meses
10	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	372.388,96	24 meses
11	UTE EMERGIS CONSTRUCCION, S.L. con CONSTRUCCIONES ALEA, S.L.	431.851,98	24 meses
12	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.	362.412,65	24 meses
13	EXPLOTACIONES MEDIOAMBIENTALES, S.L.U.	378.569,84	24 meses
14	FEVISA VIAS Y OBRAS, S.L.	366700,33	24 meses
15	MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.	376.007,71	24 meses
16	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.	460.506,17	0 meses
17	NAROM, S.L.	397.707,50	24 meses

Asisten á apertura D. R.P.D. en representación de COPCISA, S.A. e D. J.C.A. en representación da Federación Galega da Construción. As actas de asistencia asinadas figuran no correspondente expediente.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor unha vez recibida a información sobre os posibles grupos de empresas.

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de actualización do portafirmas dixital corporativo do Concello de Vigo (8.622-113)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" do único licitador presentado e admitido co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo do contrato	Redución prazo entrega (meses)	Incremento prazo garantía (anos)
1	IMATIA INNOVATION, S.L.	66.066,00	1 mes	2 anos

O licitador presenta o orzamento detallado esixido no PCAP.

Non asiste público á apertura.

Ao abeiro do previsto na cláusula 16.3 do PCAP "As fórmulas só serán de aplicación para valorar ofertas admitidas. As ofertas que conteñan valores anormais de acordo co establecido na cláusula 18 deste prego, non serán obxecto de valoración. Tampouco serán de aplicación cando no procedemento só exista un licitador admitido. Neste caso



outorgaráselle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar a fórmula" e no apartado 7B do Anexo I -FEC-, a Mesa acorda, por unanimidade, outorgar a seguinte puntuación:

	Licitador	Redución do prezo	Redución prazo entrega (meses)	Incremento prazo garantía (anos)
1	IMATIA INNOVATION, S.L.	22 puntos	18 puntos	10 puntos

Tendo en conta a puntuación outorgada ao licitador no informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor do 3 de decembro de 2018, a puntuación total obtida polo licitador é a seguinte:

	Licitador	Criterios xuízo valor	Criterios fórmula	Puntuación total
1	IMATIA INNOVATION, S.L.	50 puntos	50 puntos	100 puntos

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

6.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de acondicionamento de local en Navia como sala de lectura-biblioteca (20.167-240)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras Públicas e Asistencia Municipal do 3 de decembro de 2018, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP cos licitadores que se relacionan a continuación por ter formulado ofertas incursas en presunción de anormalidade, concedéndolles un prazo de tres días hábiles para xustificar as súas ofertas:

- OBRAS Y SERVICIOS GÓMEZ CRESPO, S.L.
- PRADO LAMEIRO, S.L.
- CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.

b) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de elementos vexetais (11.270-446)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns do 7 de decembro de 2018, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con D. JESÚS GUTIÉRREZ SIERRA por ter formulado unha oferta incursa en presunción de anormalidade, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para xustificar a súa oferta.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 09:39	Páxina 6 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AD4D-CCDFB8-EE3181-6PJE4C-MRUNX7-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

9.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de actualización do portafirmas dixital corporativo do Concello de Vigo (8.622-113)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e do informe de valoración da única proposición presentada, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de actualización do portafirmas dixital corporativo do Concello de Vigo (8.622-113) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	IMATIA INNOVATION, S.L.	100 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, IMATIA INNOVATION, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013.

b) Procedemento aberto simplificado para a contratación mixta do subministro de valado de madeira (11.344-446)

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación mixta do subministro de valado de madeira (11.344-446) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntos
1	Zona de Obra O Rosal, S.L.	100
2	Jardincelas, S.L.	17,93
3	Calfensa Proyectos, S.L.	0,68

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ZONA DE OBRA O ROSAL,



S.L., para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, unicamente a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP, ao estar inscrito no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público:

- Acreditación da constitución garantía definitiva.
- Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.11 deste prego, conforme ao modelo incluído no Anexo VI.

10.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de deseño e produción de cinco carrozas para Cabalgata de Reis 2019 (7.644-335)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de deseño e produción de cinco carrozas para Cabalgata de Reis 2019 (7.644-335)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 29 de novembro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de deseño e produción de cinco carrozas para Cabalgata de Reis 2019 (7.644-335) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	CARROFESTA, S.L.	90 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CARROFESTA, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 09:39	Páxina 8 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AD4D-CCDFB8-EE3181-6PJE4C-MRUNX7-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, CARROFESTA, S.L., o día 30 de novembro de 2018, que presenta a documentación requirida o 5 de decembro de 2018, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 10 de decembro de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CARROFESTA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CARROFESTA, S.L., de acordo co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor de data 26 de novembro de 2018 e o acordo adoptado pola Mesa na sesión do 29 de novembro.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a CARROFESTA, S.L. o procedemento aberto para a contratación dos servizos de deseño e produción de cinco carrozas para Cabalgata de Reis 2019 (7.644-335) coas seguintes condicións:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 09:39	Páxina 9 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AD4D-CCDFB8-EE3181-6PJE4C-MRUNX7-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- a) O prezo total do contrato é de 60.016'00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 10.416'00 euros.
- b) A oferta inclúe a cubrición e decoración artística das cabezas tractoras con bosquejo.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 12:30 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

A presidenta da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 09:39	Páxina 10 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AD4D-CCDFB8-EE3181-6PJE4C-MRUNX7-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		